

ANEXO DE PRODUCCIÓN. TREIXADURA CON CANTIGAS E AGARIMOS. LUGO, 5 DE OUTUBRO DE 2015:

CAMARÍNS: Polas circunstancias excepcionais deste concerto de Treixadura a EMPRESA proverá dos espazos necesarios para o acomodamento de toda a comitiva da coral Cantigas e Agarimos (unhas 35 persoas), con separación para mulleres e homes; así como do propio grupo Treixadura, que terá un camarín independente con capacidade para 20 persoas.

ESCENARIO: A EMPRESA Porá ao servizo do ARTISTA un escenario con plataforma totalmente plana, en perfectas condicións para ser utilizado dende a hora de montaxe ata o fin da recollida dos materiais O escenario deberá estar cuberto, contar con toma de terra e ter unhas medidas aproximadas de 14 X 12 metros, ademais de dúas ás de son de 2,5 x 2,5 metros. A cuberta deberá elevarse un mínimo de 5 metros desde a plataforma do escenario. O escenario estará cuberto desde o chan ata a plataforma tanto frontal como lateralmente e contará cun acceso adecuado tanto para O ARTISTA como para a descarga e carga dos equipos técnicos.

No escenario haberá 16 tarimas Rosco de altura regulable para Treixadura e o Coro Cantigas e Agarimos, segundo se especifica no rider técnico do ARTISTA.

EQUIPOS DE SON E LUZ: Os equipos necesarios para a realización deste concerto serán aportados pola EMPRESA segundo as necesidades indicadas na ficha técnica do ARTISTA.

- Un sistema profesional de son estereofónico, con potencia suficiente para proporcionar con calidade 110 dbA SPL na área de audición. Incluirá equipo de monitorado para o escenario segundo se indica na ficha técnica do ARTISTA.
- Un equipo de iluminación espectacular segundo se establece na ficha técnica de iluminación do ARTISTA.

PROMOCIÓN DO CONCERTO: A EMPRESA obrígase a realizar a publicidade necesaria para conseguir os resultados promocionais óptimos, respectando en todo caso a imaxe do artista. Treixadura poderá subministrarlle á EMPRESA a cantidade de carteis que precise para a promoción do concerto.

ALIMENTACIÓN: : A cea para toda a comitiva no día do concerto será por conta da EMPRESA ou, en todo caso, esta proverá dun refrixerio composto, por exemplo, por: auga mineral, refrescos, cervexa, viño, sándwichs variados, tortillas, empanadas e froita fresca **para unhas 60 persoas**. Admítese calquera suxestión aportada pola EMPRESA. A EMPRESA proverá igualmente a toda a comitiva no propio escenario e os camaríns, de auga embotellada durante a montaxe, as probas de son, os ensaios e o concerto.

APARCAMENTO: A EMPRESA, a ser posible, habilitará un espazo seguro e vixiado cerca do escenario para o estacionamento dos vehículos de transporte de artistas e equipos técnicos.

RESPONSABLE DA ORGANIZACIÓN: A EMPRESA disporá, no lugar do concerto, dun responsable da organización localizable en todo momento e a disposición do ARTISTA.

VENDA DE MERCHANDISING: O ARTISTA poderá comercializar os seus produtos no lugar do espectáculo habilitando A EMPRESA un espazo axeitado para a colocación da súa tenda.